



## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA SOBRE O DIA DE CONMEMORACIÓN ANUAL EN MEMORIA DAS VÍTIMAS DO HOLOCAUSTO

O 1 de novembro de 2005 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa 42ª sesión plenaria, reafirmou que o **Holocausto**, que tivo como resultado que un terzo do pobo xudeu e innumerables membros doutras minorías morreran asasinados, será sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, o fanatismo, o racismo e os prexuizos. E tamén decidiu designar o 27 de xaneiro como Día internacional de conmemoración anual en memoria das vítimas do **Holocausto**, todas elas vítimas do nazismo, entre as que se contan tamén galegos e galegas.

A Asemblea Xeral rexeitou, e este Parlamento faina súa, toda negación, xa sexa parcial ou total, do **Holocausto** como feito histórico. E condenou sen reservas, condena que tamén este Parlamento fai súa, todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, teñan lugar onde teñan lugar.

O Parlamento de Galicia constata, coa Asemblea Xeral das Nacións Unidas, que o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos orixinan actos de barbarie aldraxantes para a conciencia humana.

O Parlamento de Galicia, en fin, de acordo coa letra e co espírito da Declaración do 1 de novembro de 2005 da 42ª Asemblea Xeral das Nacións Unidas, chama ao Goberno da Xunta a traballar arreo contra os posibles brotes de racismo, xenofobia e discriminacións baseados na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, e aos cidadáns e ás súas organizacións a permaneceren vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o **Holocausto** poida nin asentarse entre nós nin en ningún lugar do mundo.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2010